

# I CONGRESO



Converxencia**xxi**

# RELATORIO POLÍTICO

# **I CONGRESO CONVERXENCIA XXI**

## **RELATORIO POLÍTICO**

### **Principios xerais**

As sociedades que protexen os dereitos de propiedade dos individuos, respectan os seus acordos libres e voluntarios e non sancionan legalmente os privilexios logran a prosperidade e exhiben un elevado grao de equidade. Por iso Convergencia XXI acredita nas economías con predominio dos mercados libres e concorreniais. O papel fundamental do Estado é crear as condicións institucionais para que estes se poidan desenvolver en todo o seu potencial.

O excesivo intervencionismo estatal só conduce a desincentivar a iniciativa individual e por tanto supón unha pexa ao progreso económico e social. Unha sociedade intervida é unha en que florecen os comportamentos rendistas que hipotecan a prosperidade.

Os intentos gobernamentais de planificar a economía habitualmente acaban no máis rotundo dos fracasos, co que provoca unha ineficiente afectación dos recursos produtivos. Os gobernos non contan nin coa información nin cos incentivos precisos para realizar a planificación económica.

Unha economía próspera non pode estar agoniada por un sector público ineficiente e sobredimensionado que cargue sobre os ombros dos cidadáns un insoportábel peso tributario. Os impostos desincentivan a actividade económica. O mellor xeito de manter estes dentro dunha marxe asumíbel é controlar o tamaño do sector público.

Agora ben, aínda que os mercados concorreniais producen prosperidade e equidade non se debe ignorar que a vida é azarosa e que os mercados tamén producen excluídos, vítimas do infortunio. Algunhas políticas redistributivas e de seguros poden corrixir os avatares do destino. Resolver as contradicións entre estas e os incentivos fornecidos polo mercado é a transcendental tarefa á cal se enfronta unha sociedade libre.

### **A crise económica**

A crise económica global azoutou a nosa economía con especial virulencia debido ao esvaeamento da burbulla inmobiliaria. As arcas públicas resentíronse especialmente debido tanto á caída dos ingresos como ao aumento dos gastos sociais, principalmente debido ao incremento das prestacións por desemprego. Neste contexto Convergencia XXI avoga pola austeridade orzamentaria para controlar o déficit público. Ademais, considera que esta é unha boa oportunidade para redefinir a actuación do sector público, deseñando políticas que melloren a súa eficiencia e prestando especial atención á resolución dos problemas de incentivos, tan frecuentes no sector público. Novas formas de colaboración entre o sector público e o sector privado tamén deben ser exploradas.

Para saír da profunda crise económica en que estamos inmersos, a economía galega necesita tamén de reformas estruturais que melloren o funcionamento dos mercados. En particular, o mercado de traballo galego exhibe un comportamento especialmente ineficiente, caracterizado por unha elevada temporalidade e unha excesiva rixidez salarial que provocan unha sobrerreacción da destrución de emprego a perturbacións económicas negativas. Unha nova regulación das relacións laborais é neste momento indispensable.

### **As grandes transformacións: globalización e avances tecnolóxicos**

O noso mundo está a experimentar grandes transformacións conducidas por dous procesos de longo alcance: a globalización e a expansión das tecnoloxías da información. Estes procesos supoñen enormes retos económicos para os que Galicia ten que estar preparada. Necesitamos dunha economía flexible capaz de adaptarse á crecente concorrencia externa asociada ao proceso globalizador e de individuos ricos en capital humano capaces de adoptar e desenvolver as tecnoloxías da información. Só así a economía galega poderá incrementar a súa produtividade e manter a competitividade nos mercados globais.

A economía galega está relativamente atrasada a respecto do núcleo central da Unión Europea. Nas últimas décadas produciuse unha débil converxencia en termos de renda per cápita cara á media europea. Agora ben, non se debe esquecer que en boa medida esta converxencia foi debida ao lentísimo crecemento da poboación galega e non ao crecemento da nosa produtividade. Neste contexto a globalización, as tecnoloxías da información e a comunicación ofertan unha indubidable oportunidade. Se sabemos adaptarnos aos seus desafíos poderemos aproximarnos aos nosos veciños máis ricos.

### **O avellentamento da poboación**

Galicia é unha das rexións europeas cunha taxa de natalidade máis baixa. Este é un fenómeno que en maior ou menor medida caracteriza a todas as comunidades autónomas de España.

O avellentamento da poboación supón graves problemas económicos. En particular, supón un problema para a sustentabilidade do sistema de pensións de reparto. Previsións realistas sobre o futuro ratio reformados-cotizantes auguran que o sistema se tornará financeiramente insolvente nun prazo de vinte ou trinta anos. Estas previsións fan necesario xa hoxe tomar decisións ao respecto. A reforma do sistema de pensións de reparto é ineludíbel. Porén, non debemos esquecer que existe unha alternativa viábel ao sistema de pensións de reparto: o sistema de capitalización, que se ten implementado xa con éxito nalgúns países. A transición a un sistema de capitalización é unha alternativa que non se debería deixar de contemplar.

Os problemas de natalidade en Galicia non son independentes da situación do mercado de traballo. Un mercado de traballo caracterizado por unha elevada taxa de

desemprego e unha elevada temporalidade que afecta especialmente aos novos e ás mulleres conduce a que os segmentos máis novos da poboación sexan moi reticentes a asumir os custos de ter fillos. Por tanto, solucionar o problema da natalidade pasa necesariamente por conseguir unha sociedade onde o mercado de traballo responda con eficacia ás distintas necesidades das familias.

O problema último dunha poboación avellentada é a súa falta de dinamismo. Esta é unha dimensión do problema difícil de medir, mais tamén pode ser a máis importante a longo prazo. Os novos son máis innovadores por unha mera razón vital. O avellentamento da poboación galega pode estar influíndo negativamente na capacidade transformadora da nosa sociedade. É este un aspecto do problema que non debemos esquecer.

### **O artellamento territorial**

Hai tan só unhas poucas décadas Galicia era unha sociedade eminentemente rural. Agora todo mudou. A poboación galega experimentou un intenso proceso de reestruturación territorial, tornándose crecentemente urbana e configurando unha nova realidade.

Esta nova realidade caracterízase pola conformación dun eixo atlántico que soporta o peso demográfico e económico de Galicia. As políticas públicas teñen que pór o seu acento neste espazo co fin de configurar a tantas veces nomeada grande cidade atlántica. Non debemos esquecer que as cidades son o epicentro da innovación e por tanto da prosperidade, pois no espazo cidadán é onde se aproveitan as sinerxías de todos os axentes económicos.

### **Galicia suxeito de soberanía**

Como demócratas cremos que os individuos deben ter liberdade para se agrupar e organizar dentro do territorio que ocupen. Non concordamos coa visión segundo a cal só existen dereitos individuais, porque precisamente do dereito individual da libre agrupación en comunidades nacionais xorde o dereito colectivo, e, se así é expresado democraticamente, da constitución dun territorio político como suxeito de soberanía. Ao contrario dos dogmáticos que falan de indisolubilidades, cremos que son os individuos os que teñen o inalienable dereito individual e por ende, colectivo, de decidir libremente o estatus xurídico político dun territorio e por tanto, as doses de soberanía que queren ceder ou deixar de ceder a outras entidades maiores nas que libremente se poden integrar.

## **A vontade de ser**

Galicia só debe ser o que teña vontade de ser. Esta idea é coherente co principio liberal, e por tanto escrupulosamente democrático, de nación, que se xustifica na vontade dos seus cidadáns e non en argumentos de tipo esencialista. Tamén é coherente coa percepción que teñen a maioría dos galegos de Galicia ser un ente político con personalidade propia. Estamos a vivir nun tempo de homoxeneización social e cultural crecente, e temos que abrir o noso abano ao maior número de persoas posible.

## **Autoestima, identidade e desenvolvemento**

Nesa dobre vertente que compaxina a individualidade e a colectividade, entendida esta última como o entorno no que o individuo debe poder desenvolver as súas potencialidades ao máximo e non como unha coartada para o recorte das liberdades individuais, cremos que a identidade colectiva achega unha maior valía ao individuo, un plus de autoestima e de benestar en tanto seres sociais que somos.

Por que cremos que é necesario un reforzamento da identidade galega? Porque a destrución desa identidade levaría os cidadáns a unha perda de capital social, baseado na interacción e na identidade grupal, que danaría as nosas posibilidades reais de progreso e de benestar. Non hai beneficio ningún en renunciar á nosa personalidade en beneficio doutra, e a falta de autoestima colectiva prexudica a nosa capacidade de realizar calquera tipo de empresa individual e colectiva.

Non sería bo para o noso futuro que Galicia acabase convertida nunha rexión verde e sen personalidade onde as xentes teñen un acento moi musical e comen empanada os domingos, co que desta maneira se dilapidaría un rico e útil acervo cultural e lingüístico. Está claro que desde a nosa personalidade orixinal temos moito que achegar neste escenario globalizado, pero como imitadores non achegariamos nada.

A autoestima persoal e colectiva só se consegue desde a autoafirmación e nunca desde a autonegación. Esta autoafirmación non debe ser confundida xamais con cerrazón. Un exemplo práctico é o lingüístico: que falen dinamarqués en Dinamarca non os arreda de dominaren o inglés. Cataluña, que toma a lingua propia en serio, é ademais a comunidade autónoma de España onde a xente rexistra maior coñecemento de idiomas estranxeiros. O prexuízo aínda tan presente de que o galego é sinónimo de atraso demóstrase falso.

Un exemplo a ter moi en conta é o de Xapón, onde desde a tradición e a cultura propias se colleron elementos alleos e foron quen de melloralos e modernizalos. É a combinación entre tradición e modernidade, entre identidade e apertura, a que fixo de Xapón a segunda economía do mundo nunha illa pobre e máis pequena que España.

## Lingua

Se desde un enfoque liberal entendemos que as linguas non teñen dereitos pero si os seus falantes estaremos de acordo en que as institucións democráticas terán que garantir unha igualdade de oportunidades para os falantes das linguas deses territorios. Esa igualdade de oportunidades ten necesariamente que partir da base dunha elemental igualdade xurídica entre as linguas.

Por tanto dúas son as posibles solucións se o que realmente procuramos é a igualdade de oportunidades dos cidadáns independentemente da lingua que empreguen; ou ben deixa de ser obrigatorio saber castelán ou ben saber galego pasa a ser obrigatorio. Non hai atallos: esas son as dúas solucións se o que nos importa é a xustiza e a liberdade. De non ser así o ordenamento xurídico vixente continuará a sancionar a existencia de cidadáns de primeira e de segunda en función da lingua que empreguen. Isto atenta contra a liberdade individual e resulta ademais inxusto, algo que viu, no seu día, o Presidente Fernández Albor e que o levou a propor a inclusión no Estatuto do deber de coñecer o galego. Foi o PSOE quen, pola contra, defendeu naquela altura a preexistencia de linguas, e por tanto, de cidadáns de primeira e de segunda.

Os prexuízos adoitan cabalgar ao lombo dalgún tipo de razonamento, non importa como de débil e arbitrario. No caso da lingua vemos como baixo o disfraz pretendidamente racional dunha suposta defensa da liberdade de grupos e persoas que nunca defenderon nin a liberdade para poder usar o idioma que estaba ata hai pouco vetado de todo uso oficial, nin a igualdade de oportunidades entre os falantes das linguas, o que realmente subxace á toma de decisións dos conservadores centralistas é un comportamento preñado de prexuízos de xentes que desprezan o galego e que queren conservar un privilexio inxusto como é poder evitar en Galicia o contacto co galego.

Os responsables da Xunta atrévense a falar de liberdade, cando o que buscan é o fomento dunha ignorancia que os achega aos seus obxectivos políticos de homoxeneización lingüística de España. Pouco antes de comezar este verán, nun informe presentado polo Secretario Xeral de Política Lingüística da Xunta, dúas conclusións moi reveladoras: en primeiro lugar, a competencia dos alumnos de secundaria en galego é inferior á competencia en castelán; e unha segunda conclusión: os galegofalantes teñen maior competencia nas dúas linguas que os castelanfalantes..

Se isto é así nun réxime de pretendida imposición do galego, como o vixente ata hoxe segundo grupos sociais da órbita conservadora e centralista, cal é entón a causa de que o PP estea xa volcado nunha política encamiñada a reducir a presenza do galego en todos os ámbitos? Será quizais a liberdade o que lle preocupa? Será o enriquecemento lingüístico dos nosos rapaces?. Cando a competencia en galego é máis baixa e os conservadores optan por diminuír a presenza do galego, o obxectivo non pode ser outro que a defensa e promoción dos prexuízos, da ignorancia e dos privilexios. Estamos por tanto diante dunha agresión á liberdade e á xustiza.

Obsérvase na nosa sociedade con bastante facilidade como pais galegofalantes deciden falarlles aos fillos en castelán. Eses pais perciben que os seus fillos non terán as

mesmas oportunidades falando galego que falando castelán, polo que optan por unha actitude tan racional, na procura das mellores posibilidades para os seus fillos, como contranatura, xa que non falar a lingua propia aos descendentes non deixa de ser algo que contradí a propia natureza da transmisión da cultura que lles é propia aos pais. É unha obriga de calquera estado democrático a defensa dunhas condicións básicas de igualdade de oportunidades, de xustiza e de liberdade, que eviten que unha parte dos cidadáns se vexan obrigados a renunciar á transmisión interxeracional da súa propia lingua na súa propia terra. A actual Xunta, sen embargo, prefire fomentar a ignorancia e a inxustiza.

Ademais a nosa lingua achega unha maior valía que moi pouquiñas dos milleiros de linguas que aínda existen no mundo achegan: a vantaxe competitiva que proporciona que unha variante do galego sexa a lingua de máis de douscentos millóns de falantes do portugués, incluíndo unha das potencias emerxentes a nivel mundial como é Brasil. A posibilidade de intercomunicación espontánea que a nosa lingua nos dá coa lusofonía máis a que o castelán nos concede na comunicación do mundo hispano sitúanos como un pobo verdadeiramente privilexiado no mundo polo noso potencial de comunicación internacional. A esta suma só lle falta o inglés, onde os prexuizados e a cerrazón dos nacionalistas de estado fai que esteamos na cola da Unión Europea.